




Mondra presentará **ARDËN**, o seu álbum debut, na Sala Capitol o 29 de setembro

As entradas para asistir á **FOLIA** das **ARDENTES**, a posta en escena do LP **ARDËN**,
estarán á venda a partir deste martes, 22 de agosto, ás 12.00h,
a través de www.salacapitol.com

O primeiro traballo discográfico do cantareiro e bailarín, producido
por Berto e editado por Altafonte, publicarase o mércores 20 de setembro
nas principais plataformas dixitais e tamén estará dispoñible en tendas físicas



Mondra © Zeltia Iglesias

ARDËN, 21 de agosto de 2023.- A Sala Capitol transformárase nunha auténtica **FOLIA** das **ARDENTES** o vindeiro 29 de setembro. **Mondra**, unha das voces máis singulares e prometedoras da nova escena musical galega, presentará **ARDËN** (Altafonte Music Spain, 2023) o seu primeiro LP, sobre o escenario compostelán. As entradas para a cita estarán dispoñibles a partir deste martes, 22 de agosto, ás 12.00h, na web oficial www.salacapitol.com.



Cantareiro, bailarador, instrumentista e compositor, **Mondra** é o cocreador, xunto con Berto, dalgúns dos temas máis coreados e escoitados este verán en Galicia, como é o caso de **PUNHETA!**, no que tamén participa Fillas de Cassandra, ou **RUMBAMBÃ**. Todos eles formarán parte de **ARDĒN**, o seu álbum debut, unha proposta ambiciosa, luminosa e reflexiva ao tempo; que salienta pola súa marcada identidade así como pola rebordante dimensión electrónica dun proxecto que dialoga coa música tradicional galega.

ARDĒN é unha celebración, un apoderamento da liberdade, un traballo conceptual no que Mondra introduce ás ouvintes nunha terra que saúda a liberdade, os afectos e o amor. Tal e como sinala o creador, "en ARDĒN hórannos o orgullo de ser e a valentía de estar ARDENTES. Porque, por enriba de quen non nos quere libres, a FOLĪA segue a ser o noso espazo libertario. Fomos sepultadas, para furar dende o chan. Para, despois de todo, volver facer da FOLĪA un espazo onde troupelear. Onde rir as penas e chorar as alegrías. Porque hai en ARDĒN unha rosa seca e espiñada que, na FOLĪA, reverdece".

Así, **ARDĒN é unha celebración, un apoderamento da liberdade**. É na FOLĪA onde xorde a máxima expresión das súas músicas. E este mesmo espazo libertario, esta FOLĪA das ARDENTES, é a que chegará o 29 de setembro á Sala Capitol na presentación pública de ARDĒN. Será unha noite na que Mondra despregará unha proposta contundente, dinámica e liberadora. Unha **experiencia musical, visual e performativa** na que, sobre o escenario, estará acompañado de convidadas especiais, todas e cada unha das ARDENTES partícipes no álbum que verá a luz **o mércores 20 de setembro** nas principais plataformas dixitais e que tamén estará dispoñible nas tendas físicas.

MONDRA

Artista, cantareiro e bailarador, Mondra é un dos nomes máis frescos e prometedores da nova escena musical galega. Este outono presenta **ARDĒN** (Altafonte Music Spain, 2023) o seu primeiro traballo discográfico. Producido por Berto, **ARDĒN** é unha experiencia musical, visual e performativa que dialoga coa música tradicional galega. Unha proposta electrónica, luminosa e reflexiva, que celebra e reclama, que coída e berra, e abre a porta a unha terra diversa ategada de liberdade, afectos e apoderamento. Os primeiros cortes que xa se coñecen de ARDĒN son SACOdePULGAS, Beijos de LK, PUNHETA! (con Fillas de Cassandra) e RUMBAMBÃ.

Contacto de prensa Mondra

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

Luisa Castiñeira | 620 113 155 | luisa@theofficeco.es

Kit de prensa ARDĒN: <https://www.dropbox.com/sh/ciqxtytr3fjr8bz/AACPFhDtgSLIJUA-P2Umc4cya?dl=0>